

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

11717 *Real decreto lei 12/2015, do 30 de outubro, polo que se adoptan medidas urxentes para reparar os danos causados polos temporais de chuvia na Comunidade Autónoma de Canarias e no sur e leste peninsular nos meses de setembro e outubro de 2015.*

Desde o pasado 19 de outubro diversas fronteiras de nubes asociadas a borrascas do Atlántico afectaron as illas Canarias. As fronteiras, que teoricamente debían atravesar o arquipélago de forma continua, estacionáronse o día 22 na vertical de Santa Cruz de Tenerife e de Las Palmas de Gran Canaria e superáronse os limiares de precipitación esperados conforme os prognósticos da Axencia Estatal de Meteoroloxía. As precipitacións rexistradas foron importantes desde o día 20 de outubro, pero alcanzaron niveis de particular intensidade os días 22, 23 e 24.

Os episodios de intensa chuvia e, nalgún caso, de vento afectaron practicamente a totalidade da Comunidade Autónoma de Canarias, aínda que principalmente as localidades de Ingenio, Santa Lucía, Telde e Las Palmas de Gran Canaria, na illa de Gran Canaria; La Oliva, Antigua e Puerto del Rosario, na illa de Fuerteventura, e Haría (zona de Arrieta) e Arrecife, na illa de Lanzarote.

Os medios que actuaron na emerxencia foron fundamentalmente municipais e insulares (bombeiros, policía local, axentes de mobilidade e persoal de protección civil e dos servizos básicos). Tamén interviñeron medios do Estado; ademais das forzas e corpos de seguridade do Estado, acordouse a mobilización da Unidade Militar de Emerxencias, por solicitude da Comunidade Autónoma.

Respecto aos danos ocasionados, a súa cuantificación é provisional. Víronse afectados polas precipitacións edificios de uso público, así como vivendas particulares e sistemas municipais de sumidoiros. Tamén se produciron danos nas estradas da rede secundaria, que sufriu cortes de numerosas vías pola caída de pedras e árbores e por inundacións. Os danos no dominio público marítimo-terrestre producíronse fundamentalmente en praias e, a este respecto, o municipio máis afectado foi Telde. Igualmente, houbo danos de certa consideración nos portos de Santa Cruz de Tenerife e de Las Palmas.

Así mesmo, durante os meses de setembro e outubro, outros episodios de chuvias torrenciais azoutaron distintas localidades do leste e sur peninsular e produciron danos de diversa consideración en bens públicos e privados, principalmente nas comunidades autónomas de Andalucía, Valenciana e de Cataluña.

En aplicación do principio de solidariedade interterritorial e ao igual que nas ocasións en que foi necesario actuar con carácter urxente ante situacións de alteración grave das condicións de vida da poboación nunha área xeográfica determinada, mediante este real decreto lei adóptase unha serie de axudas destinadas a paliar danos materiais, así como medidas fiscais, laborais e en materia de seguridade social, e actuacións sobre o dominio público e en infraestruturas, incluíndo as turísticas, a través do Fondo Financeiro para a súa Modernización (Fomit).

Co fin de poder atender sucesos similares que se poidan producir noutras comunidades autónomas antes da entrada en vigor da Lei 17/2015, do 9 de xullo, do Sistema nacional de protección civil, prevese a posibilidade de que o Goberno, mediante real decreto, poida estender a aplicación destas medidas até o próximo 9 de xaneiro de 2016, cando o alcance ou a intensidade dos danos producidos así o fagan necesario.

O ámbito territorial deste real decreto e a súa posible extensión xustifican a inclusión de medidas que non son de aplicación, neste caso, á Comunidade Autónoma de Canarias.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta da vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia, e dos ministros do

Interior, de Facenda e Administracións Públicas, de Fomento, de Emprego e Seguridade Social, de Industria, Enerxía e Turismo, e de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 30 de outubro de 2015,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

1. As medidas establecidas neste real decreto lei aplicaranse ás persoas e bens afectados polos danos causados polo temporal de chuvia na Comunidade Autónoma de Canarias no mes de outubro de 2015.

Támén serán de aplicación ás persoas e bens afectados polos temporais de chuvia dos meses de setembro e outubro nas provincias de Almería, Granada, Málaga, Murcia, Alacant, Valencia, Girona e Tarragona.

2. Os termos municipais e núcleos de poboación afectados a que concretamente sexan de aplicación as medidas aludidas determinaranse por orde do ministro do Interior. Para tal efecto, poderanse entender tamén incluídos aqueloutros termos municipais ou núcleos de poboación en que, para a correcta execución das actuacións necesarias, sexa imprescindible a intervención dos departamentos ministeriais competentes.

3. O Goberno, mediante real decreto, poderá declarar a aplicación das medidas previstas neste real decreto lei a outras situacións de emerxencia que poidan acaecer en calquera parte do territorio nacional desde a súa entrada en vigor até o 9 de xaneiro de 2016, con delimitación dos municipios e núcleos de poboación afectados.

Artigo 2. *Axudas destinadas a paliar danos persoais; danos materiais en vivenda e enxoval, e en establecementos industriais, mercantís, agrarios, marítimo-pesqueiros, turísticos e doutros servizos.*

1. As axudas previstas neste artigo esténdense aos casos de falecemento e aos supostos de incapacidade causados directamente polos sinistros a que se refire este real decreto lei, e réxense polo disposto no Real decreto 307/2005, do 18 de marzo, polo que se determinan as subvencións en atención a determinadas necesidades derivadas de situacións de emerxencia ou de natureza catastrófica, e se establece o procedemento para a súa concesión.

2. A destrución ou danos en enxoval e os danos en vivenda serán igualmente obxecto de axudas segundo o establecido no Real decreto 307/2005, do 18 de marzo.

Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior en canto á aplicabilidade do Real decreto 307/2005, do 18 de marzo, co obxecto de acreditar a titularidade sobre os inmobles afectados polos sinistros, admitirase como medio de proba calquera documento que demostre a dita titularidade, como os recibos de pagamento do imposto sobre bens inmobles ou outros de análoga natureza.

3. Os danos a establecementos industriais, mercantís, agrarios, marítimo-pesqueiros, turísticos e doutros servizos serán igualmente obxecto de axudas segundo o establecido no Real decreto 307/2005, do 18 de marzo.

No caso de que o interesado fose indemnizado polo Consorcio de Compensación de Seguros con aplicación da franquía prevista no artigo 9 do Regulamento do seguro de riscos extraordinarios, aprobado polo Real decreto 300/2004, do 20 de febreiro, poderase conceder unha subvención de até o 7 % da contía dos danos indemnizables producidos polo sinistro, até o importe máximo de 8.000 euros recollido no artigo 28 do Real decreto 307/2005, do 18 de marzo, sen que, en ningún caso, a suma desta subvención e a indemnización que corresponda aboar en concepto de seguro, ou calquera outra subvención ou axuda pública ou privada, supere o valor do dano ou prexuízo producido. Nestes casos, o interesado deberá presentar unha certificación expedida pola súa entidade aseguradora acreditativa de que esta non aboou en todo ou en parte o importe correspondente á franquía legal aplicada polo Consorcio de Compensación de Seguros.

4. Serán igualmente obxecto das axudas establecidas nos artigos 27 e 28 do Real decreto 307/2005, do 18 de marzo, os titulares de explotacións agrícolas e gandeiras que, tendo pólizas amparadas polo Plan de seguros agrarios combinados e estando situadas no ámbito de aplicación sinalado no artigo 1, sufrisen danos en elementos afectos á explotación que non sexan asegurables, entendéndose como tales os enumerados no artigo 4.2 da Orde INT/672/2015, do 17 de abril.

Nestes casos, poderase conceder unha subvención de até o 70 % dos danos valorados por un perito colexiado, até un importe máximo de 8.000 euros, sen que, en ningún caso, a suma desta subvención e calquera outra subvención ou ingreso público ou privado a que se teña dereito poida superar o valor do dano ou perda producido. Cando se trate de camiños, o informe pericial deberá conter, en todo caso, un esbozo dos camiños afectados de acordo coa información rexistrada no Sistema de información xeográfica de identificación de parcelas agrícolas (Sixpac). Poderanse computar como gasto subvencionable os honorarios derivados da elaboración do informe até un máximo de 300 euros.

Os interesados deberán acreditar a titularidade sobre os elementos danados. Para os efectos da posesión dunha póliza de seguro en vigor amparada polo Plan de seguros agrarios combinados, aceptárase tamén unha póliza da campaña anterior nos supostos recollidos no artigo 9.2.a) deste real decreto lei.

Así mesmo, para acreditar o exercicio da actividade empresarial ou profesional, os interesados autorizarán expresamente o órgano xestor para solicitar da Axencia Estatal de Administración Tributaria a información pertinente do Censo de empresarios, profesionais e retedores.

5. As solicitudes para a concesión destas axudas serán tramitadas polas delegacións e subdelegacións do Goberno e polas direccións insulares; poderanse presentar desde a publicación deste real decreto lei até transcorridos dous meses desde a entrada en vigor da orde prevista no artigo 1.2, e serán resoltas polo ministro do Interior no prazo de tres meses, contados desde a presentación da solicitude.

6. As axudas que se concedan en aplicación do previsto neste artigo financiaranse con cargo aos créditos dos conceptos 472, 482, 771 e 782 da aplicación orzamentaria 16.01.134M «Para atencións de toda índole motivadas por sinistros, catástrofes ou outros de recoñecida urxencia», dotados con carácter de ampliables no vixente orzamento do Ministerio do Interior.

Artigo 3. Réxime aplicable ás axudas a persoas físicas ou xurídicas que realizen prestacións persoais e de bens, e réxime de axudas a corporacións locais.

1. As axudas ás persoas físicas ou xurídicas que realizen prestacións persoais e de bens rexeranse polo disposto no Real decreto 307/2005, do 18 de marzo.

2. As axudas a corporacións locais polos gastos causados para facer fronte a estas situacións de emerxencia rexeranse polo disposto no Real decreto 307/2005, do 18 de marzo, sen que sexa aplicable a contía prevista nos seus artigos 22 e 23.

Estas axudas non terán por obxecto as reparacións ou reposicións en infraestruturas recollidas no artigo 4. Non obstante, poderanse subvencionar aquelas actuacións inaprazables que, incidindo no mesmo ámbito de aplicación a que se refire o dito artigo, se levasen a cabo co fin de garantir a vida e seguridade das persoas e o funcionamento dos servizos públicos esenciais. Entre estas actuacións inclúense a evacuación, o aloxamento e a alimentación de persoas afectadas, a retirada de lama e areas e a limpeza de vías e contornos públicos que sexan indispensables para os fins descritos.

Para estes efectos, exclúense do dito concepto os traballos levados a cabo con medios propios da corporación local, xa sexan materiais, tales como maquinaria ou ferramentas, ou humanos, entendendo por estes o persoal contratado con anterioridade aos feitos causantes. En ningún caso serán subvencionables os gastos de persoal xerados por bombeiros, policía local, protección civil e outros de carácter análogo.

3. As solicitudes para a concesión das axudas previstas nos dous números anteriores poderanse presentar desde a publicación deste real decreto lei até transcorridos dous meses desde a entrada en vigor da orde prevista no artigo 1.2.

4. As axudas que se concedan en aplicación do previsto neste artigo financiaranse con cargo aos créditos dos conceptos 461, 471 e 761 da aplicación orzamentaria 16.01.134M «Para atencións de toda índole motivadas por sinistros, catástrofes ou outros de recoñecida urxencia», dotados con carácter de ampliables no vixente orzamento do Ministerio do Interior.

Artigo 4. Danos en infraestruturas municipais e rede viaria dos cabidos insulares.

Aos proxectos que executen os concellos, as deputacións provinciais, os cabidos, as comarcas e as mancomunidades, nos termos municipais e núcleos de poboación a que se fai referencia no artigo 1, relativos ás obras de reparación ou restitución de infraestruturas, equipamentos ou instalacións e servizos de titularidade municipal incluídos no artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e da rede viaria dos cabidos insulares e deputacións provinciais, aplicaráselles a tramitación de urxencia, e o Estado poderá concederlles unha subvención de até o 50 por cento do seu custo, excluídos os traballos levados a cabo con medios propios da entidade local, xa sexan materiais, maquinaria ou persoal.

Artigo 5. Actuacións no dominio público hidráulico.

Facúltase o ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para declarar zona de actuación especial para a restauración do dominio público hidráulico as zonas afectadas nas bacías hidrográficas intercomunitarias, e a emerxencia das obras que vai executar o dito departamento, nas seguintes materias:

- a) Restauración e reparación dos danos causados polas enxurradas de auga e o vento, tanto nas infraestruturas hidráulicas como nas marxes dos ríos.
- b) Limpeza, retirada de tapóns, reparación de desaugadoiros, de colectores, sifóns, drenaxes e similares que reduzan as consecuencias do exceso de auga e que preveñan fronte a futuras enxurradas.
- c) Actuacións de reparación en paseos fluviais e marxes dos ríos que afecten outras estruturas lindeiras.

Artigo 6. Actuacións na costa.

Facúltase o ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para declarar zona de actuación especial para a restauración do dominio público marítimo-terrestre das zonas afectadas e para declarar a emerxencia das obras que vai executar o dito departamento, nas seguintes materias:

- a) Restauración e demais obras que aseguren a integridade e a adecuada conservación do dominio público marítimo-terrestre, así como os traballos complementarios para asegurar a sustentabilidade da costa e mitigar os efectos de futuros temporais e galernas.
- b) Protección e conservación dos elementos que integran o dominio público marítimo-terrestre, en particular, a adecuación sustentable de praias e areas, sistemas dunares e zonas húmidas litorais, recuperación e rexeneración destes, así como a realización, a supervisión e o control de estudos, proxectos e obras na costa.
- c) Reparación e restauración de estruturas danadas no litoral, como paseos marítimos, accesos ao dominio público, muros, etc.

Artigo 7. *Actuacións en infraestruturas rurais de uso xeral.*

Facúltase o ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para declarar zona de actuación especial para a restauración dos danos causados na Rede nacional de camiños naturais, segundo se define na disposición adicional sexta da Lei 21/2015, do 20 de xullo, pola que se modifica a Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes, e para declarar de emerxencia as obras de restauración que se precise executar na dita Rede nacional de camiños naturais.

Artigo 8. *Danos nas demais infraestruturas públicas.*

Facúltanse os titulares dos departamentos ministeriais competentes por razón da materia para declarar as áreas afectadas como zona de actuación especial, para que os ditos departamentos, os seus organismos autónomos e as entidades públicas dependentes deles poidan levar a cabo as actuacións de restauración que procedan. Para os efectos indicados, poderanse declarar de emerxencia as obras que executen tales departamentos para reparar os danos causados en infraestruturas de titularidade estatal comprendidas no seu ámbito de competencias.

Artigo 9. *Axudas por danos causados en producións agrícolas e gandeiras.*

1. As axudas previstas neste artigo irán destinadas aos titulares das explotacións agrícolas e gandeiras que, tendo pólizas en vigor amparadas polo Plan de seguros agrarios combinados e estando localizadas no ámbito de aplicación sinalado no artigo 1, sufrisen perdas superiores ao 30% da súa produción, conforme os criterios da Unión Europea a este respecto.

2. Serán obxecto de axuda:

a) Os danos rexistrados nas explotacións agrícolas e gandeiras para as cales nas datas do sinistro non se iniciase o período de subscripción do correspondente seguro, ou este non finalizase e que non formalizasen aínda a póliza para esta campaña, sempre e cando se contratase o seguro para a dita produción e cultivo na campaña anterior. No caso das explotacións gandeiras, para estes efectos exceptúanse as pólizas contratadas de seguros de retirada e destrución de animais mortos na explotación.

b) Os danos sobre as producións agrícolas e gandeiras que, tendo póliza en vigor para as ditas producións amparada polo sistema de seguros agrarios combinados, non estean garantidos polo dito sistema. No caso das explotacións gandeiras, para estes efectos exceptúanse as pólizas contratadas de seguros de retirada e destrución de animais mortos na explotación.

c) Os danos orixinados nas producións agrícolas e gandeiras non incluídas no vixente Plan de seguros agrarios combinados.

3. As axudas polos danos causados sobre as producións agrícolas axustaranse ao disposto no Regulamento (UE) n.º 702/2014 da Comisión, do 25 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axuda nos sectores agrícola e forestal e en zonas rurais compatibles co mercado interior, en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea.

4. As axudas calcularanse tendo en conta o disposto no citado regulamento e, na medida en que resulten aplicables, teranse en consideración as condicións e os procedementos establecidos no Sistema de seguros agrarios combinados.

5. O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, en coordinación coas comunidades autónomas, establecerá o procedemento para a determinación de todas as axudas previstas neste artigo e a súa contía máxima.

Artigo 10. *Beneficios fiscais.*

1. Concédese a exención das cotas do imposto sobre bens inmobles correspondentes ao exercicio de 2015 que afecten vivendas, establecementos industriais, turísticos,

mercantís, marítimo-pesqueiros e profesionais, explotacións agrarias e forestais, locais de traballo e similares, danados como consecuencia directa dos sinistros a que se refire o artigo 1 deste real decreto lei, cando se acredite que tanto as persoas como os bens localizados neles tivesen que ser obxecto de realoxamento total ou parcial noutras vivendas ou locais diferentes até a reparación dos danos sufridos, ou os estragos en colleitas constituían sinistros non cubertos por ningunha fórmula de aseguramento público ou privado.

2. Concédese unha redución no imposto sobre actividades económicas correspondente ao exercicio de 2015 ás industrias de calquera natureza, establecementos mercantís, marítimo-pesqueiros, turísticos e profesionais cuxos locais de negocio ou bens afectos a esa actividade fosen danados como consecuencia directa dos sinistros, sempre que tivesen que ser obxecto de realoxamento ou se producisen danos que obriguen ao peche temporal da actividade. A indicada redución será proporcional ao tempo transcorrido desde o día en que se produciu o cesamento da actividade até o seu reinicio en condicións de normalidade, xa sexa nos mesmos locais, xa sexa noutros habilitados para o efecto, sen prexuízo de considerar, cando a gravidade dos danos producidos dea orixe a isto, o suposto de cesamento no exercicio daquela, que producirá efectos desde o día 31 de decembro de 2014.

3. As exencións e reducións de cotas nos tributos sinalados nos números anteriores comprenderán as das recargas legalmente autorizadas sobre eles.

4. Os contribuíntes que, tendo dereito aos beneficios establecidos nos números anteriores, satisfixesen os recibos correspondentes ao dito exercicio fiscal poderán pedir a devolución das cantidades ingresadas.

5. Estarán exentas das taxas do organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico establecidas pola Lei 16/1979, do 2 de outubro, a tramitación das baixas de vehículos solicitadas como consecuencia dos danos producidos polos sinistros e a expedición de duplicados de permisos de circulación ou de conducción destruídos ou extraviados polas ditas causas.

6. A diminución de ingresos en tributos locais que os anteriores números deste artigo produzan nos concellos, cabidos insulares e deputacións provinciais será compensada con cargo aos orzamentos xerais do Estado, de conformidade co establecido no artigo 9 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

7. Estarán exentas do imposto sobre a renda das persoas físicas as axudas excepcionais por danos persoais a que se refire o artigo 2.

Artigo 11. *Reducións fiscais especiais para as actividades agrarias.*

Para as explotacións e actividades agrarias, realizadas nas zonas que determine a orde que se dite en execución do disposto no artigo 1, e conforme as previsións contidas no número 4.1.º do artigo 37 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo, e no número 3 do artigo 38 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, á vista dos informes do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, poderá autorizar, con carácter excepcional, a redución dos índices de rendemento neto a que se refire a Orde HAP/2222/2014, do 27 de novembro, pola que se desenvolven para o ano 2015 o método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas e o réxime especial simplificado do imposto sobre o valor engadido.

Artigo 12. *Medidas laborais e de Seguridade Social.*

1. As suspensións de contrato e reducións de xornada e os despedimentos colectivos que teñan a súa causa directa nos danos producidos polos episodios meteorolóxicos descritos no artigo 1, así como nas perdas de actividade directamente derivadas deles, nos establecementos referidos no artigo 2.3, que queden debidamente acreditados, terán

a consideración de provenientes dunha situación de forza maior, coas consecuencias que derivan dos artigos 47 e 51 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo. No primeiro suposto, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social poderá exonerar o empresario do aboamento das cotas da Seguridade Social e por conceptos de recadación conxunta mentres dure o período de suspensión, e manterase a condición do dito período como efectivamente cotizado polo traballador. Nos casos en que se produza a extinción do contrato, as indemnizacións dos traballadores serán por conta do Fondo de Garantía Salarial, cos límites legalmente establecidos.

Nos supostos en que a empresa decida a suspensión de contratos ou a redución temporal da xornada de traballo con base en circunstancias excepcionais, o Servizo Público de Emprego Estatal e, se for o caso, o Instituto Social da Mariña poderán autorizar que o tempo en que se perciban as prestacións por desemprego, reguladas no título III do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, que teñan a súa causa inmediata nos sucesos incluídos no ámbito de aplicación deste real decreto lei, non se compute para os efectos de consumir os períodos máximos de percepción establecidos. Igualmente, poderán autorizar que reciban prestacións por desemprego aqueles traballadores incluídos nos ditos expedientes que carezan dos períodos de cotización necesarios para ter dereito a elas.

2. As empresas e os traballadores por conta propia incluídos en calquera réxime da Seguridade Social poderán solicitar e obter, logo de xustificación dos danos sufridos ou das perdas de actividade directamente derivadas deles, unha moratoria de até un ano, sen xuro, no pagamento das cotizacións á Seguridade Social e por conceptos de recadación conxunta correspondentes a tres meses naturais consecutivos, contados desde o anterior á produción do sinistro ou, no caso de traballadores incluídos no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos, desde o mes en que aquel se produciu.

3. Os cotizantes á Seguridade Social que teñan dereito aos beneficios establecidos nos números anteriores e satisfixesen as cotas correspondentes ás exencións ou á moratoria de que se trate poderán pedir a devolución das cantidades ingresadas, incluídos, se for o caso, os xuros de demora, as recargas e custas correspondentes. Se o que tiver dereito á devolución é debedor á Seguridade Social por cotas correspondentes a outros períodos, o crédito pola devolución será aplicado ao pagamento de débedas pendentes con aquela na forma que legalmente proceda.

4. Para levar a cabo as obras de reparación dos danos causados, as administracións públicas e as entidades sen ánimo de lucro poderán solicitar do Servizo Público de Emprego competente a adscrición de traballadores perceptores das prestacións por desemprego para traballos de colaboración social, de acordo co disposto no artigo 213.3 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social.

Artigo 13. *Réxime de contratación.*

1. Poderán ter a consideración de obras, servizos ou subministracións de emerxencia, logo do correspondente acordo do órgano de contratación, cumprindo os requisitos do artigo 113 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, os contratos de reparación ou mantemento de infraestruturas, equipamentos ou servizos, as obras de reposición de bens prexudicados pola catástrofe, así como o contrato con «Agroseguro, S.A.», para valorar os danos xerados nas producións agrícolas e gandeiras referidos no artigo 9, calquera que sexa a súa contía.

2. Declárase urxente a ocupación dos bens afectados polas expropiacións derivadas da realización das obras a que se refire este artigo, para os efectos establecidos no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

3. Para a tramitación de expedientes de contratación de obras non incluídas no artigo 126.2 do texto refundido da Lei de contratos do sector público dispensarase do requisito previo de dispoñibilidade dos terreos, sen prexuízo de que a súa ocupación efectiva deberá ir precedida da formalización da acta de ocupación.

Artigo 14. *Cooperación coas administracións locais.*

1. Facúltase o ministro de Facenda e Administracións Públicas para propor o pagamento das subvencións derivadas de danos en infraestruturas, equipamentos e instalacións e servizos de titularidade municipal, de deputacións provinciais, cabidos, comarcas e mancomunidades, a que se refire o artigo 4, na parte que financie a Administración xeral do Estado, unha vez efectuadas as valoracións de danos, até o importe máximo que se determine nos reais decretos de desenvolvemento.

2. Tales subvencións atenderanse con cargo ao crédito que para estes efectos se habilite co carácter de incorporable no orzamento do dito departamento.

3. De igual modo, facúltase o titular do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas para establecer o procedemento para a concesión das mencionadas subvencións, así como o seu seguimento e control.

Artigo 15. *Consortio de Compensación de Seguros.*

1. Os delegados do Goberno nas comunidades autónomas afectadas poderán solicitar do Consortio de Compensación de Seguros, para unha máis correcta avaliación dos danos non persoais, as correspondentes valoracións necesarias conforme os artigos 2 e 3, sempre que non afecten bens de titularidade pública.

2. O Consortio de Compensación de Seguros terá dereito ao aboamento por parte da Administración xeral do Estado dos traballos de peritación conforme o baremo de honorarios profesionais que o dito consorcio teña aprobado para os seus peritos taxadores de seguros.

3. Para facilitar a tramitación das axudas e a valoración dos danos, a Administración competente e o Consortio de Compensación de Seguros poderán transmitirse os datos sobre beneficiarios das axudas e indemnizacións que concedan, as súas contías respectivas e os bens afectados. As entidades aseguradoras que operen no territorio español estarán obrigadas a subministrar ao Consortio de Compensación de Seguros a información que este lles solicite para dar cumprimento ao disposto anteriormente.

Artigo 16. *Convocatoria especial do Fondo Financeiro para a Modernización das Infraestruturas Turísticas (Fomit).*

1. Habilítanse o Ministerio de Industria Enerxía e Turismo e o Instituto de Crédito Oficial, na súa condición de axencia financeira do Estado, para instrumentar a celebración de convocatorias especiais con cargo ao Fondo Financeiro para a Modernización das Infraestruturas Turísticas (Fomit), regulado no Real decreto 937/2010, do 23 de xullo, coa finalidade específica de financiar as obras de reparación das infraestruturas turísticas municipais e dos establecementos turísticos privados que quedasen afectados. As convocatorias serán realizadas polas comunidades autónomas e nos núcleos de poboación que se consideren afectados de acordo co disposto no artigo 1 deste real decreto lei.

2. As convocatorias financiaranse con cargo aos recursos actualmente existentes no Fondo Financeiro para a Modernización das Infraestruturas Turísticas. Mediante acordo da Comisión Delegada de Goberno para Asuntos Económicos concretaranse as condicións financeiras dos préstamos. A contía da convocatoria determinarase de conformidade co que estableza o citado acordo da Comisión Delegada de Goberno para Asuntos Económicos.

3. Aos préstamos concedidos a entidades locais nas convocatorias reguladas neste artigo seralles concedida, cando proceda, a autorización regulada na disposición adicional décimo cuarta do Real decreto lei 20/2011, do 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público, polo órgano competente que teña atribuída a tutela financeira das entidades locais.

Artigo 17. *Investimentos realizados para reparar os danos incluídos no ámbito de aplicación deste real decreto lei.*

Os investimentos realizados para reparar os danos a que se refire o artigo 1 deste real decreto lei polas entidades locais que cumpran cos requisitos establecidos na disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, terán a consideración de investimentos financeiramente sustentables.

Excepcionalmente, estes investimentos executaranse con carácter prioritario fronte a outros investimentos financeiramente sustentables e non lles resultarán de aplicación os números 1, 2, 4, 6 e 7 da disposición adicional décimo sexta do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Disposición adicional primeira. *Límites das axudas.*

O valor das axudas concedidas en aplicación deste real decreto lei, no que a danos materiais se refire, non poderá superar en ningún caso a diferenza entre o valor do dano producido e o importe doutras axudas ou indemnizacións declaradas compatibles ou complementarias que, polos mesmos conceptos, poidan conceder outros organismos públicos, nacionais ou internacionais, ou correspondan en virtude da existencia de pólizas de aseguramento.

Disposición adicional segunda. *Créditos orzamentarios.*

A reparación de danos causados en bens de titularidade da Administración xeral do Estado ou, se for o caso, das entidades dela dependentes, as subvencións que se concedan en aplicación do disposto no artigo 14, así como as actuacións realizadas en aplicación do disposto no artigo 7 e as axudas recollidas no artigo 9 por danos causados en producións agrícolas e gandeiras, incluídos os gastos de xestión necesarios para o seu recoñecemento, financiaranse con cargo ao Fondo de Continxencia de execución orzamentaria.

O Goberno, por proposta do ministro de Facenda e Administracións Públicas, habilitará os créditos correspondentes nos orzamentos dos departamentos ministeriais afectados, de conformidade co previsto nos artigos 50 e 55 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Non obstante o anterior, atendendo ás dispoñibilidades orzamentarias existentes nos departamentos ministeriais e nas entidades delas dependentes, as actuacións poderán ser financiadas con cargo aos seus propios recursos. De ser necesario, tramitaranse as correspondentes modificacións orzamentarias, de conformidade co disposto na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Disposición adicional terceira. *Convenios con outras administracións públicas.*

A Administración xeral do Estado poderá celebrar os convenios de colaboración que requira a aplicación deste real decreto lei cos órganos competentes das comunidades autónomas e das entidades locais afectadas.

Para os efectos da emisión do informe preceptivo e vinculante a que se refire o número 1 da disposición adicional primeira da Lei 36/2014, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2015, teranse especialmente en conta as circunstancias que xustifican a adopción das medidas reguladas neste real decreto lei.

Disposición adicional cuarta. *Comisión interministerial de seguimento das medidas de apoio a damnificados.*

1. Créase unha comisión interministerial para a aplicación das medidas de apoio previstas neste real decreto lei, coordinada pola Dirección Xeral de Protección Civil e

Emerxencias e integrada, así mesmo, polos representantes dos ministerios de Facenda e Administracións Públicas, do Interior, de Fomento, de Emprego e Seguridade Social, de Industria, Enerxía e Turismo, de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, e da Presidencia, así como polos delegados do Goberno nas comunidades autónomas afectadas e por un representante do Consorcio de Compensación de Seguros.

2. O seguimento das medidas de apoio previstas neste real decreto lei levarao a cabo a comisión a que se refire o número anterior, en coordinación coas autoridades das comunidades autónomas afectadas, a través das delegacións do Goberno.

3. Antes do 1 de maio de 2016, a comisión interministerial elaborará un informe sobre as actuacións levadas a cabo en execución deste real decreto lei.

Disposición adicional quinta. *Avaliación de impacto ambiental.*

Mediante acordo do Consello de Ministros determinarase a exención de avaliación de impacto ambiental daquelas obras de reparación ou rehabilitación de infraestruturas, equipamentos ou instalacións a que se refiren os artigos 4, 5, 6, 7 e 8 que, debendo someterse a avaliación de impacto ambiental, conforme o artigo 7 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, quedarán exentas do dito trámite en cumprimento do disposto no artigo 8, números 3 e 4, da mencionada Lei 21/2013, do 9 de decembro.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro do disposto nas regras 7.^a, 13.^a, 14.^a, 17.^a, 23.^a e 29.^a do artigo 149.1 da Constitución, sen prexuízo das medida adicionais que poidan adoptar as comunidades autónomas.

Disposición derradeira segunda. *Facultades de desenvolvemento.*

O Goberno e os titulares dos departamentos ministeriais, no ámbito das súas competencias, ditarán as disposicións necesarias e establecerán os prazos para a execución do disposto neste real decreto lei.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 30 de outubro de 2015.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY